



O 10 de outubro, por iniciativa da World Federation for Mental Health (WFMH), celébrase o Día Mundial da Saúde Mental. Neste ano 2010 o lema proposto é **“SAÚDE MENTAL E FÍSICA, ENFERMIDADES CRÓNICAS: A NECESIDADE DUNHA ATENCIÓN INTEGRAL E CONTINUA”**

Como sabedes, o principal obxectivo da campaña é mellorar a sensibilidade social sobre este ámbito da saúde no que todavía existen moitas deficiencias, tanto na prevención como na asistencia e a rehabilitación funcional das persoas que as padecen. Neste obxectivo, ninguén está de máis e cada un pode realizar unha importante contribución: a poboación xeral, os profesionais da saúde e, por suposto, as diferentes organizacións públicas e privadas das que dependen os recursos existentes.

Desde o Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, desexamos resaltar a campaña promovida por **FEAFES** (FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE AGRUPACIONES DE FAMILIARES Y PERSONAS CON ENFERMEDAD MENTAL) con motivo deste Día Mundial da Saúde Mental, cuxos materiais achegamos para a súa difusión.

Ao mesmo tempo, instamos a todos os cidadáns de Vigo a que participen nas actividades planificadas para a celebración do Día Mundial da Saúde Mental, para facer da Saúde mental unha prioridade nas nosas comunidades.

Vigo, 7 de outubro de 2010

Asinado:

Francisco Otero Lamas
Director do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo

M^a Xosé Méndez Piñeiro
Concelleira de Benestar Social do Concello de Vigo